

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 16 de XUÑO de 2005**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA EXTRAORDINARIA que se celebrará o vindeiro xoves, día 16 de xuño de 2005, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

[1.-Acordos transaccionais coa Xunta de Galicia.](#)

DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Escúsase o Sr. Campo Fernández.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o viceinterventor xeral, don Juan Bautista Suárez Ramos.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-ACORDOS TRANSACCIONAIS COA XUNTA DE GALICIA.

INTERVENCIONS

Sr. Lagares Pérez

Hoxe é unha xornada exemplar para a política con maiúsculas. Cando dicimos esta expresión referímonos a que os acordos que imos adoptar, e que entendo que van ser por unha maioría moi ampla nesta institución provincial, son acordos baseados no diálogo, na tolerancia e no respecto, fundamentalmente en dous aspectos importantes, un deles no aspecto sanitario, onde se vai mellorar sensibelmente a atención primaria con investimentos que aparecen nun anexo, por algo máis de 19 millóns de euros, e por outro lado investimentos na provincia con mecanismos obxectivos, solidarios, a través dos plans que se elaborarán con criterios e onde os 18 millóns que nos van corresponder aproximadamente, un pouquiño menos, neste acordo coa Xunta de Galicia, mesmo a Deputación incrementará esta cantidade. Os 94 concellos da provincia serán os beneficiarios desta achega económica importante.

O 1 de xaneiro do ano 1992 a institución provincial chega a un acordo coa Xunta de Galicia, a Consellaría de Sanidade, concretamente co SERGAS, e transfere o Hospital Provincial e o Psiquiátrico de Conxo, entón era presidente o Sr. Fernández Moreda, pero ao longo deste tempo xéranse dúas situacións, digamos, encontradas entre as dúas institucións, encontradas por un lado de cal é o alcance temporal da obriga provincial da compensación do déficit sanitario, e por outro lado cales son as

condicións económicas que ten que asumir cada institución verbo das taxas e prezos públicos de estadias de menores en colexios, que nós entendemos que lle corresponden á Xunta de Galicia.

Ao longo deste tempo na memoria do presidente ocorren unha serie de acontecementos, chégase a un momento, a partir do 1 de xaneiro do ano 1993 que a Deputación reflicte nas súas partidas orzamentarias o acordado na Comisión de Transferencias e referendado por este Pleno da Deputación, na contía correspondente, até que chega un momento en que se considera que a Lei de financiamento das comunidades autónomas deu cabida a un dos apartados que figuraban nesas transferencias, concretamente no apartado e), e nese momento esta institución deixa de facer a achega do déficit sanitario. É nese momento cando se forma unha caixa, unha economía, que até o día de hoxe significa unha contía arredor de 37 millóns largos de euros. Quere dicir con isto que a partir dese momento vén a controversia entre a Xunta de Galicia e a institución provincial, a través de sucesivos recursos de reposición e contenciosos administrativos que neste momento están latentes e que cos acordos que hoxe adoptaremos aquí, se se levan a efecto, estarán cerrados definitivamente.

Esta institución provincial, con este equipo de goberno, a través do diálogo, do talante, do respecto, e que xa iniciara o anterior equipo de goberno do Partido Popular, chéganse a uns acordos transaccionais en relación a esta débeda, digamos, sanitaria. Tamén se chega a un acordo en relación ao investimento que se vai facer, á vez que hai un anexo, que é onde se vai facer ese investimento na provincia en materia sanitaria, e tamén se chega a un acordo, un acordo tamén transaccional, onde a Xunta terá que ingresar o 50% desas taxas e prezos públicos dos colexios, concretamente 1.500.000 euros, á Deputación provincial.

Con todo isto chegamos ao final dun camiño, que haberá que complementar cos acordos que aquí aparecen no ditame, onde non quero esquecer o agradecemento aos funcionarios que fixeron un traballo e un labor importante, dirixido, indubidabelmente, polo equipo de goberno. Destacar que os informes que aparecen do letrado-asesor, do interventor e do tesoureiro, son favorábeis ao acordo. Dicir que este mesmo acordo foi adoptado polo Consello da Xunta, entendemos o último Consello ordinario, dado que a partir do 19, por motivos que coñecen as Sras. e Sres. deputados, por motivos electorais, pasa a ser un goberno en funcións, que se adoptou esta mañá. E non nos podemos esquecer da importancia que ten, de cara á cidadanía da provincia, os investimentos que rematamos de dicir, é dicir, estamos en algo dunha economía que estaba ociosa, que estaba parada, e que pomos, digamos, por o dicir así, en movemento, en movemento de cara a un investimento en infraestruturas sanitarias na provincia por 19 millóns de euros, un pouquiño máis, e por outro lado, en investimentos na Deputación, que fará esta Deputación, que articulará no seu momento, hoxe traemos, digamos, o financiamento dun posíbel plan, obxectivo, solidario, de cooperación, con criterios, que se debaterán aquí neste Pleno no seu momento, e que abranguerán todos os concellos da provincia.

Eu, simplemente, xa para rematar, mostrar que o equipo de goberno celebra este acordo, este posíbel acordo, chamar ao Partido Popular a que se una co seu voto favorábel, e que todos vexamos neste acordo un beneficio para toda a cidadanía da provincia, e para o seu desenvolvemento. Nada máis nun principio e moitas grazas.

Sr. Torres Colomer

As miñas primeiras palabras son para desculpar a ausencia do Sr. Campo, que por motivos de forza maior non pode estar hoxe aquí. Despois da intervención do Sr. Lagares coido que pouco hai que dicir, explicou clarisimamente a historia deste tema que, por suposto, imos apoiar plenamente porque foi un tema que na anterior lexislatura se comezou a debater coa Xunta de Galicia e que hoxe felicito ao equipo de goberno que conseguise que ese tema se pechase. Loitouse seriamente para chegar a un acordo, naquel momento as circunstancias non foron as deste momento e teño que felicitar, como non, aos técnicos económicos, aos técnicos xurídicos, en fin, aos funcionarios desta Deputación, que fixeron un gran labor, como ben dicía o Sr. Lagares, non só nos informes finais senón nos traballos dos contenciosos que se presentaron por este tema, que eu penso que tamén axudou a que isto se resolva da forma que se está a resolver.

Pola tanto, a nosa felicitación a todos, a nosa felicitación aos veciños desta provincia, como se dicía, porque ese diñeiro, a metade que vai investir a Consellaría de Sanidade, vai ser en centros de saúde desta provincia, e o outro diñeiro, polo que se mencionou aquí polo voceiro do equipo de goberno, vai ser nun plan obxectivo para todos e cada un dos concellos desta provincia.

Polo tanto, felicitarnos todos, Sr. presidente, é a miña obriga felicitalo a vostede como xefe do equipo de goberno e imos votar, como non, a favor deste acordo.

Sr. presidente

Se me permite, Sr. Lagares, gustaríame pechar esta quenda.

Eu quería expresar tamén a satisfacción, coido que de todos, por este acordo que estamos hoxe adoptando aquí, acordo que similar, aínda que simultaneamente se aprobou hoxe no Consello de Goberno da Xunta de Galicia. Con este acordo cumprimos un dos obxectivos expresados no discurso de toma de posesión deste presidente, o 26 de novembro do ano 2003, onde dicía: “Debemos de resolver pola vía da negociación e o consenso, os contenciosos actuais coa Xunta de Galicia que bloquean recursos que deben destinarse o máis pronto posíbel a satisfacer necesidades da provincia. Non podemos ter 6.000 millóns de pesetas de forma ociosa nos bancos agardando a que un Xulgado, dentro de oito anos, nos diga se son da Xunta ou da Deputación, proporémoslle ao Goberno de Galicia unha solución pactada para utilizar inmediatamente estes recursos”.

Eu persoalmente o 9 de xaneiro do ano 2004 propúxenlle ao Goberno de Galicia iniciar unhas conversas para chegar a este acordo, a vontade do diñeiro público pago cos impostos dos cidadáns, non é estar de forma ociosa nas contas correntes dos bancos, a vontade e o fin último deses impostos, dese diñeiro, é o reinvestimento para lograr a calidade de vida e o benestar dos cidadáns.

Con este acordo posibilitamos pór fin a un longo contencioso xudicial formulado hai case dez anos, e con este acordo desbloqueamos unha situación complicada e difícil, foi un acordo longo, difícil, pero alcanzamos con vontade de diálogo, con talante e con talento, e hoxe, como expresaron os voceiros do goberno e da oposición, permitimos que 3.000, máis de 3.000 millóns das antigas pesetas, 19 millóns de euros, se invistan en 25 concellos da provincia na creación ou mellora de centros de atención primaria, unha necesidade básica demandada e reclamada polos cidadáns, e os outros 18 millóns de euros, 3.000 millóns de pesetas, investiranse tamén na provincia en todos os concellos da provincia, en obras e servizos que redunden na mellora da calidade de vida e o benestar dos cidadáns. Polo tanto, creo que nos debemos felicitar todos por este acordo porque penso que cumprimos un obxectivo dos expresados o 26 de novembro, e ademais estamos a cumprir co que é a nosa obriga, destinar os recursos, non a telos de forma ociosa nos bancos, senón a investilos na provincia en beneficio da cidadanía.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

PRIMEIRO: Aprobar o acordo transaccional entre a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña co fin de determinar o cumprimento das obrigas que se deducen do acordo de transferencia do Hospital Médico-Cirúrxico Provincial e o Sanatorio Psiquiátrico de Conxo con efectos do 1 de xaneiro de 1993, nos termos que se detallan no anexo número I.

SEGUNDO: Aprobar o Protocolo de cooperación entre o Servizo Galego de Saúde e a Deputación Provincial da Coruña que ten por obxecto identificar os investimentos do SERGAS na rede de atención primaria na provincia da Coruña, ata o remate do exercicio 2006 co contido que se recolle no anexo número II.

TERCEIRO: Aprobar o acordo transaccional para cancelar diversas liquidacións practicadas pola Deputación da Coruña á Xunta de Galicia por taxas e prezos públicos provinciais, coa redacción contida no anexo número III.

CUARTO: Condicionar a eficacia de cada un dos acordos adoptados á efectiva sinatura de todos eles, de tal modo que se algún dos acordos adoptados non se subscribise finalmente quedarán sen eficacia ningunha os restantes.

QUINTO: Autorizar ó presidente da Corporación para a sinatura dos documentos administrativos nos que se materializan os acordos adoptados.”

ANEXO I

ACORDO TRANSACCIONAL ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA CO FIN DE DETERMINAR O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS QUE SE DEDUCEN DO ACORDO DE TRANSFERENCIA DO HOSPITAL MÉDICO-CIRÚRXICO PROVINCIAL E DO SANATORIO PSIQUIÁTRICO DE CONXO, E DE PÓR FIN AOS PROCESOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS EN CURSO.

Santiago de Compostela,

Dunha parte, o Excmo. Sr. José Antonio Orza Fernández, conselleiro de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, e o Excmo. Sr. José Manuel González Álvarez, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu presidente, e a autorización da subscrición deste acordo conferida polo decreto XXX/2005, de XX.

E doutra, o Excmo. Sr. Jesús Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, coas atribucións que lle confire o artigo 34.1b) da Lei 7/85.

As partes que interveñen recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para isto,

MANIFESTAN

Primeiro.- Que a Lei 14/86 xeral de sanidade, regula na súa disposición transitoria primeira, o proceso de traspaso dos servizos e establecementos sanitarios das Corporacións locais aos Servizos de Saúde das Comunidades Autónomas, así como o conxunto de relacións que polo dito motivo, se poden producir entre os referidos entes locais e os autonómicos.

Segundo.- Que para os efectos de levar a cabo o disposto na citada lei, o decreto da Xunta de Galicia 133/89 do 6 de xullo, determina a constitución dunha Comisión Mixta coas Corporacións locais para realizar o traspaso dos centros hospitalarios de titularidade das anteditas corporacións. En concreto, no caso da Deputación da Coruña, o Hospital Médico Cirúrxico Provincial e o Sanatorio Psiquiátrico de Conxo.

Terceiro.- Que con data do 16 de novembro de 1992, a citada Comisión Mixta acordou a transferencia dos centros hospitalarios sinalados á Comunidade Autónoma de Galicia, para que o xestionase o Sergas a partir do 1 de xaneiro de 1993.

Cuarto.- Que o dito acordo se aprobou polo decreto da Xunta de Galicia 373/1992 do 17 de decembro, e tamén o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión do 27 de novembro de 1992.

Quinto.- Que o sinalado decreto de transferencia 373/92, establecía no apartado E), do anexo de termos, o custo efectivo dos servizos transferidos, verbo do cal e da carga asumida neta derivada del, indicaba que “até a aprobación do réxime definitivo de financiamento das Comunidades Autónomas, e con base ao disposto na disposición transitoria 1ª-4 da Lei xeral de sanidade, a Deputación provincial garante o financiamento actualizado da cifra correspondente á carga asumida neta no momento da transferencia, que se revisará anualmente...”.

Sexto.- O indicado no apartado E) , en relación co establecido na Lei 14/1986, xeral de sanidade, deu lugar a interpretacións diverxentes por parte da Deputación da Coruña e da Xunta de Galicia. Consonte cos respectivos criterios, a Consellaría de Sanidade practicou liquidacións polo importe do financiamento considerado, que impugnou a Deputación provincial mediante a interposición de sucesivos recursos de reposición, económico-administrativo e contencioso-administrativo.

Sétimo.- A posibilidade procesual de que se dilatase excesivamente a obtención dun pronunciamento definitivo en vía xudicial, unido á condición sempre incerta propia de todo litixio e á necesidade de salvagardar o interese xeral que constitúe o obxectivo de ambas as Administracións públicas, levou á Deputación da Coruña a formular, e á Xunta de Galicia a aceptar, a posibilidade dun acordo transaccional sobre as pretensións mantidas por cada unha delas.

Oitavo.- En aplicación do indicado no artigo 22.1 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a autorización da subscripción do referido acordo transaccional levouse a cabo mediante decreto XXX/2005, de XX.

Conforme a esa autorización establécense as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente acordo transaccional é pór fin ás controversias e reclamacións derivadas da interpretación do apartado E) do anexo ao decreto 373/1992, do 17 de decembro, da Xunta de Galicia, de transferencia do Hospital Médico Cirúrxico Provincial e do Sanatorio Psiquiátrico de Conxo.

Segunda.- Cancelación de dereitos e obrigas e dos procesos contencioso-administrativos en curso.

- 1) O presente acordo transaccional pon fin aos procesos contencioso-administrativos seguidos entre a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, derivados do traspaso dos hospitais Médico Cirúrxico Provincial e Sanatorio Psiquiátrico de Conxo, substanciados perante a Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 3ª do Tribunal Superior de Galicia, baixo o número de autos 03/7293/01 e 8093/01, acumulados, 03/8330/02, e 3/7134/03, como as partes se consideran satisfeitas nos seus respectivos dereitos e, en consecuencia, renuncian expresamente a toda reclamación promovida na actualidade ou que no futuro poida promoverse, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional, relacionada cos dereitos e obrigas que se deduzan do apartado E) do decreto 373/92 polo que se acordou a transferencia do Hospital Médico Cirúrxico Provincial e do Sanatorio Psiquiátrico de Conxo.
- 2) Unha vez subscrito o convenio transaccional as partes asinantes, por cada un dos procedementos anteriormente indicados, comunicarlle á Sala o acordo e solicitarán a finalización do procedemento, de conformidade co previsto no artigo 77.3 da Lei da xurisdición contencioso administrativa.
- 3) A Xunta de Galicia anulará as liquidacións relacionadas no documento anexo de liquidacións en litixio, por importe de 39.171.409,35 euros (trinta e nove millóns cento setenta e un mil catrocentos nove euros e trinta e cinco céntimos), practicadas á Deputación Provincial da Coruña en concepto de achega para a cobertura da carga asumida neta actualizada. Desda cantidade resulta necesario deducir 1.225.364,20 € correspondentes aos ingresos recibidos do Estado en concepto de liquidación da participación no fondo de asistencia sanitaria do exercicio 2001, o que dá lugar a unha contía final de 37.946.045,15 €.
- 4) A Xunta de Galicia percibirá da Deputación Provincial da Coruña 18.973.022,58 euros (dezaioito millóns novecientos setenta e tres mil vinte e dous euros e cincuenta e oito céntimos), importe da transacción, cantidade sobre a que non poderá practicarse por parte desta última ningún tipo de retención ou compensación sen que medie acordo expreso entre ambas as dúas administracións.

Coa excepción da adaptación que eventualmente poida derivarse da compensación indicada no parágrafo anterior, o 50 % desda contía farase efectivo no prazo de vinte días dende a subscrición do acordo transaccional, e o 50 % restante dentro do mes de xuño do seguinte exercicio, 2006.

A Deputación provincial poderá optar pola transferencia directa das cantidades resultantes, ou por que se lle deduzan das transferencias que ha realizar a Comunidade Autónoma en concepto de participación da Deputación nos

tributos do Estado, entendéndose elixida esta última opción cando non se faga uso da primeira delas nos prazos previstos.

- 5) Despois da sinatura do presente acordo transaccional, as partes que interveñen consideran reciprocamente canceladas todas as accións de carácter económico esixíbeis e satisfeitas nos seus respectivos dereitos e, en consecuencia, renuncian expresamente a toda reclamación promovida na actualidade ou que no futuro poida promoverse, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional, relacionada cos dereitos e obrigas que se deduzan do apartado E) do decreto 373/92 polo que se acordou a transferencia do Hospital Médico Cirúrxico Provincial e do Sanatorio Psiquiátrico de Conxo.
- 6) Se con posterioridade á sinatura deste convenio a Xunta de Galicia adopta algún acordo con outras deputacións provinciais, tocante ás cantidades adebedadas e obxecto de litixio como consecuencia da transferencia á Comunidade Autónoma de centros hospitalarios destas, que sexa máis beneficioso economicamente para elas que o presente, aplicaríase automaticamente o dito acordo á Deputación da Coruña, aboándose as diferenzas correspondentes.

Non obstante o anterior, o incremento do número de anualidades para facer efectivo o importe noutro acordo transaccional verbo das dúas fixadas no presente, non se interpretará como unha mellora nas condicións fixadas sempre que leve tamén aparelado a liquidación de xuros polo fraccionamento dos importes que se han aboar.

Terceira.- Vixencia

O presente convenio producirá efectos desde o día seguinte ao da súa subscrición.

Pola XUNTA DE GALICIA

Pola DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Asdo.: José Antonio Orza Fernández

Asdo.: Jesús S. Fernández Moreda

Asdo.: José Manuel González Álvarez

Liquidación	Data de resolución	Importe (pesetas)	Importe (euros)
1ª liquidación	Resolución da División de Recursos Económicos do SERGAS, do 6 de agosto de 1999, correspondente aos meses de decembro de 1993 (última parte), abril (última parte) a decembro de 1994, xaneiro a decembro de 1995, xaneiro a decembro de 1996, xaneiro a decembro de 1997 e xaneiro a decembro de 1998	4.397.455.513	26.429.239,92
2ª liquidación	Resolución da División de Recursos Económicos do SERGAS, do 10 de abril de 2000, correspondente aos meses de xaneiro a decembro de 1999	706.071.538	4.243.575,41
3ª liquidación	Resolución da División de Recursos Económicos do SERGAS, do 10 de abril de 2001, correspondente aos meses de xaneiro a decembro de 2000	736.621.916	4.427.186,88
4ª liquidación	Resolución da División de Recursos Económicos do SERGAS, do 30 de abril de 2002, correspondente aos meses de xaneiro a decembro de 2001	677.425.148	4.071.407,14
TOTAL DE LIQUIDACIÓNS		6.517.574.115	39.171.409,35

ANEXO II

PROTOCOLO DE COOPERACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Santiago de Compostela, de 2005

INTERVEÑEN

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ ÁLVAREZ, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación do SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, en virtude das facultades atribuídas no artigo 3 do Decreto 13/2005, do 3 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e de conformidade co establecido no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda con data do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

Doutra parte, o Excmo. Sr. D. JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA, actuando en nome e representación da EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, como presidente, no exercicio das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da lei 7/985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ámbalas partes recoñécense reciprocamente plena capacidade legal para a sinatura de convenios e manifiestan que as súas facultades non foron modificadas nin limitadas, e ao respecto

EXPOÑEN

1.-Que o SERGAS ten entre os seus fins, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia, a adecuada asignación dos recursos económicos afectos ao financiamento das prestacións e servizos de asistencia sanitaria e rehabilitación no ámbito da Comunidade Autónoma, tendo en conta as características socioeconómicas, sanitarias e poboacionais de Galicia, así como a provisión dos servizos e prestacións de asistencia sanitaria de cobertura pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.-Que de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de bases de réxime local, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan, nese concepto, as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3.-Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña solicita a formalización dun protocolo que recolla a previsión de investimentos que ha realizar o SERGAS na provincia da Coruña.

4.-Que ambas partes están interesadas en formalizar o presente protocolo que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Este protocolo ten por obxecto identificar investimentos do SERGAS na Rede de Atención Primaria na provincia da Coruña, que ascenden á cantidade de 19.127.297 euros, ata o remate do exercicio 2006, segundo detalle que se recolle no documento anexo.

SEGUNDA.- No suposto de que algún dos investimentos non sexa posible acometelo por falta de dispoñibilidade de terreos ou licenzas urbanísticas, o SERGAS adiantará outros investimentos necesarios despois do acordo previo de prioridades coa Deputación provincial, para acadar un investimento mínimo de 19.000.000 € (dezanove millóns de euros).

TERCEIRA.- O SERGAS comprométese a informar semestralmente á Deputación do estado de realización dos investimentos previstos.

CUARTA.- Constituirase unha Comisión de Seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio.

A Comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes, nomeados polos máximos responsables de ámbalas dúas entidades.

A Comisión reunirse por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

As diverxencias que xurdan da aplicación deste convenio resolveraa a devandita Comisión de Seguimento.

Polo SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Pola DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Asdo.: José M. González Álvarez

Asdo.: Jesús S. Fernández Moreda

INVESTIMENTOS		IMPORTE
AMES-BERTAMIRÁNS	Reforma	61.696
AMES-MILLADOIRO	Centro novo	1.265.000
ARES	Centro novo	1.020.000
ARTEIXO	Ampliación	840.000
CABANA DE BERGANTIÑOS	Cuberta consultorio Nantón	50.000
CAMBRE	Reforma	300.000
CEDEIRA	Cuberta	150.000
CORISTANCO-AGUALADA	Centro novo	482.447
A CORUÑA-AM. SAN JOSÉ	Reparación fachadas	60.000
A CORUÑA-MONTEALTO	Centro novo	1.116.646
DODRO	Reforma e ampliación	180.000
FENE-PERLÍO	Reforma	90.000
FERROL	Informática-IANUS	3.350.000
FISTERRA	Centro novo	600.000
A LARACHA-CAIÓN	Centro novo	465.000
MALPICA-BUÑO	Centro novo	600.000
MELIDE	Reforma	300.000
NARÓN	Urxencias e fisioterapia	315.000
OLEIROS-F. OURO	Centro novo	1.100.000
ORTIGUEIRA-ESPASANTE	Centro novo	615.000
O PINO	Centro novo	1.271.057
PONTEDEUME	Rehabilitación e odontoloxía	170.451
RIBEIRA	Centro drogodependencias	500.000
SIGÜEIRO-OROSO	Centro novo	1.030.000
AS SOMOZAS	Centro novo	800.000
TEO	Centro novo	1.780.000
VILARMAIOR	Centro novo	615.000
		19.127.297

ANEXO III

ACORDO TRANSACCIONAL EN RELACIÓN COAS DIVERSAS LIQUIDACIÓNS PRACTICADAS POLA DEPUACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA Á XUNTA DE GALICIA

Santiago de Compostela,.....de.....de

Dunha parte, D. José Antonio Orza Fernández, conselleiro de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, e D^a Pilar Rojo Noguera, conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, actuando no nome e representación da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu presidente, e coa autorización conferida polo decreto XXXXX

E doutra D. Jesús Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña, no uso das competencias atribuídas no artigo 34 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

As partes intervinientes

MANIFESTAN

1º.-A Deputación Provincial da Coruña ten efectuadas liquidacións á Xunta de Galicia por importe de 3.088.904,09 euros, que se detallan en documento anexo, en concepto, na súa maior parte, de taxas e prezos públicos correspondentes a estadias de menores en diversos colexios da deputación, ao longo do período 1985-1999.

As referidas liquidacións foron practicadas pola Deputación Provincial considerando que traían causa na atribución de competencias exclusivas á comunidade autónoma en materia de Asistencia Social, que realiza o artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, materializadas polo traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado en materia de protección de menores, efectuadas polo Real decreto 1108/1984, do 29 de febreiro, e Real decreto 1054/1985, do 5 de xuño.

2º.-A Xunta de Galicia considera que conforme ao establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, que derroga e substitúe á Lei 3/1987, do 27 de maio, as entidades locais e as deputacións provinciais tamén teñen asignadas competencias en materia de prestación de servizos sociais, entre as que se inclúe a problemática relacionada coa familia, a infancia e a xuventude, e expresamente, no caso da derogada Lei 3/1987, a atención da problemática que incide na protección de menores. Admite en cambio que, en calquera caso, correspóndelle a Administración autonómica afrontar os gastos correspondentes

ao internamento e á atención de menores tutelados pola Xunta de Galicia de conformidade co previsto no decreto 196/1988, do 28 de xullo, polo que se regula a tutela e garda de menores desamparados.

Igualmente constata que en relación coas liquidacións practicadas concorren deficiencias documentais e probatorias non imputábeis, polo menos na súa integridade, á Deputación Provincial da Coruña, que dificultan ou imposibilitan o recoñecemento por parte da comunidade autónoma dunha boa parte das obrigas de pagamento reclamadas pola deputación.

3º.-En atención ás circunstancias apuntadas, para evitar un litixio entre ambas administracións lesivo para o interese xeral, ao abeiro do disposto no artigo 1809 do Código Civil e conforme á autorización conferida no decreto XXXXX, as partes intervinientes coinciden na conveniencia de chegar a un acordo transaccional que poña fin á controversia con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-En virtude do acordo a Deputación Provincial da Coruña considera satisfeitos todos os dereitos derivados das liquidacións de taxas e prezos públicos practicadas á Xunta de Galicia, por importe de 3.088.904,09 euros, que se detallan no anexo, renunciando de forma expresa ao exercicio de calquera acción, reclamación ou recurso en relación con estas.

Segunda.-A administración da comunidade autónoma recoñece a existencia de obrigas de pagamento, por ese concepto, por importe de 1.500.000 euros.

Terceira.- Dentro dos vinte días seguintes á data de subscrición deste acordo a Administración autonómica transferirá á Deputación Provincial da Coruña a cantidade indicada na cláusula anterior.

Cuarta.- Antes de que expire o prazo indicado a Deputación Provincial da Coruña, despois da comunicación á Consellaría de Economía e Facenda, poderá optar pola compensación do importe correspondente ás obrigas de pagamento recoñecidas pola comunidade autónoma coas cantidades adebedadas a esta en virtude do acordo transaccional suscrito entre ambas as dúas administracións en relación coas liquidacións practicadas pola comunidade autónoma e derivadas do traspaso dos hospitais Médico-Cirúrxico Provincial e Sanatorio Psiquiátrico de Conxo.

Quinta.-O presente convenio producirá efectos desde o día seguinte ao da súa subscrición.

POLA XUNTA DE GALICIA

POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Asdo.: José Antonio Orza Fernández

Asdo.: Jesús S. Fernández Moreda

Asdo.: Pilar Rojo Noguera

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e quince minutos, redactándose a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.